



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERIA DE EMPREGO E IGUALDADE E DIVERSOS CONCELLOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

Conforme o artigo 2 Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

No exercicio destas competencias, e coa finalidade de conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, as autoridades sanitarias adoptaron diversas medidas que afectaron directamente ao sector hostaleiro que abarcaron dende o establecemento de requisitos e limitacións ao desenvolvemento da actividade de hostalaría e restauración ata as medidas de peche temporal destes establecementos.

O sector hostaleiro de Galicia, cunha función económica e social esencial, está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas, que son as principais protagonistas na creación de emprego. Por este motivo, as distintas administracións públicas están a impulsar medidas para fomentar a actividade económica e mais concretamente para apoiar o mantemento do emprego na hostalaría de Galicia como axentes dinamizadores da economía na comunidade autónoma. Non é suficiente con desenvolver políticas que favorezan o emprendemento senón que tamén é necesario articular programas que axuden e consoliden as microempresas e traballadores autónomos con persoal contratado ao seu cargo xa establecidos.

No marco do contexto descrito as diferentes administracións públicas están a adoptar medidas de apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polas limitacións ao desenvolvemento da actividade así como polos peches temporais destes establecementos regulados na normativa sanitaria sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Entre estas medidas atópanse as axudas convocadas pola Consellería de Emprego e Igualdade mediante a Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do



Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021 (DOG Núm.36, do 23 de febreiro de 2021). Estas axudas contan cun orzamento para o Programa I de 12.000.000 €.

A concesión das axudas convocadas pola Orde do 22 de febreiro de 2021 realizarase, tal e como recolle no seu artigo 10, pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados na mesma ata o esgotamento do crédito.

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e os distintos concellos cos que se formalizarán os convenios están a regular a colaboración para a concesión das axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

Coa sinatura destes convenios, os concellos de réxime común da Comunidade Autónoma comprométense a realizar achegas á Xunta de Galicia, para que estes sexan destinados a todas aquelas solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertencen ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias, con domicilio no seu ámbito territorial, sempre e cando estas solicitudes cumpran os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro de 2021.

Por iso, a Xunta de Galicia propón a sinatura destes convenios de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de emprego e Igualdade e os concellos para a concesión das axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da COVID-19.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de colaboración e cooperación técnica e administrativa, podéndose levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscripción de convenios.

De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e





planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Emprego e Igualdade, conforme ao disposto no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da administración autonómica que ten atribuídas as competencias en materia de políticas activas de emprego.

O artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia prevé que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto na asuntos locais como nos asuntos de interese común se desenvolvan con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis. Entre as formas de colaboración atópase a subscripción de convenios.

Estes convenios teñen por obxecto instrumentar a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e os concellos galegos para a concesión das axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

Por medio dos convenios de colaboración que se formalizarán, os concellos autorizarán a Consellería de Emprego e Igualdade a conceder segundo o procedemento de concesión directa previsto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia axudas aos establecementos de hostalaría do seu ámbito territorial que cumpran os requisitos para ser beneficiarios das axudas convocadas pola Orde do 22 de febreiro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021.





O artigo 19.4 da lei de subvencións de Galicia prevé que poidan concederse de forma directa, con carácter excepcional, subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

No presente suposto son razóns de eficiencia na utilización dos recursos públicos e simplicidade na tramitación das axudas as que xustifican o uso dese procedemento de concesión.

Mediante estes convenios evítase que os cidadáns teñan que presentar unha nova solicitude de axuda ante o respectivo concello xa que os solicitantes das axudas convocadas por medio da Orde do 22 de febreiro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade, que cumpran cos requisitos para ser beneficiarios das mesmas, serán así mesmo beneficiarios dunha axuda con cargo aos orzamentos do seu concello para a mesma finalidade.

No que respecta á xustificación da excepción á concorrencia cabe salientar que a concesión das axudas que se enmarcan nestes convenios de colaboración refírense a solicitantes que participaron na convocatoria efectuada por medio da Orde do 22 de febreiro de 2021 realizada para o mesmo fin por medio dun procedemento de concorrencia e todos eles acreditaron que cumprían os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

As condicións de funcionamento polas que se rexerá esta colaboración serán as recollidas no capítulo segundo do convenio e na resolución de concesión directa segundo o establecido no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

A duración do convenio comprenderá desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación do mesmo nun boletín oficial -artigo 11.3.b) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-) ata o 31 de decembro de 2021. Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a colaboración deixa de ser necesaria atendendo ás necesidades dos concellos asinantes do convenio. Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula cuarta, estendendo non obstante a súa vixencia ata o remate dos procedementos xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que os concellos asinantes renuncien a esta posibilidade.

O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.





O importe exacto da achega de cada concello concretaríase unha vez transcorrido o prazo de 10 días fixado na cláusula quinta.

En cumprimento da previsión contida no artigo 49 da Lei 3/2021, de 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 e no artigo 40.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, será preceptiva a autorización do Consello da Xunta de Galicia para a sinatura do convenio.

Este convenio axústase á normativa vixente, e os intereses converxentes das partes asinantes do convenio exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A secretaria xeral técnica
(asinado dixitalmente á marxe)
Beatriz Cuiña Barja

